

## OBXECTIVOS

- + Apoiar a formación académica do alumnado.
- + Facilitar aos alumnos o acceso á información para mellorar o seu proceso de aprendizaxe.
- + Garantir que o alumnado é capaz de acceder á información en diversos soportes e en calquera biblioteca.
- + Diseñar e promover as actividades lectoras do Plan Lector do Centro.
- + Fomentar o gusto pola lectura como actividade pracenteira.

## EQUIPAMENTO

- + 24 postos de lectura.
- + 5 ordenadores con conexión a internet.
- + 1 impresora láser en branco/negro
- + Revistas
- + Xogos e entretemento

## DISTRIBUCIÓN

### Seccións

- + Obras de consulta
- + Dicionarios
- + Libros de lectura
- + Películas
- + Xogos
- + Revistas
- + Inglés
- + Francés

Na sección **Obras de consulta**, atoparedes unha subsección **Galicia** que reúne materiais de temáticas diversas (tradições, sociedade, costumes, ...)

Os libros de lectura agrúpanse en dúas zonas distintas; unha para os escritos en galego e outra para os escritos en castelán. Ademáis están colocados según o xénero literario ( fixádevos na signatura: -1 Poesía, -2 Teatro, -3 Narrativa e -4 Outros xéneros). Tamén hai unha sección específica para as biografías.

## C.P.I. PECALAMA TORDOIA BIBLIOTECA



## Guía de uso



## PRÉSTAMOS

### LIBROS

- ✚ Elexide o libro que queirades nos andeis.
- ✚ Anotade os vosos datos e os do libro (título e nº de rexistro) no caderno de préstamos.
- ✚ Ao rematardes de lelo, anotade a data no caderno de rexistro e déixase na bandexa que pon “Devolucións”.
- ✚ O préstamo dura 15 días. Se desexades prorrogalo, falade co profesor de garda da biblioteca.

### AUDIOVISUAIS

- ✚ Elexide o DVD no andel.
- ✚ Realizade o mesmo proceso que cos libros.
- ✚ Os DVD´s devolveranse en man ao profesor de garda da biblioteca.

O préstamo dura 7 días e non se fará renovación.

## NORMAS DE USO

- ✚ Á biblioteca véñse de xeito voluntario; non é un lugar de castigo.
- ✚ Procuremos, na medida do posible, non alzar a voz e deixar traballar aos demais.
- ✚ Na biblioteca non se pode comer nin beber.
- ✚ Na biblioteca non se pode xogar ás cartas.
- ✚ Os ordenadores pódense utilizar individualmente, ou de dous en dous como moito.
- ✚ O profesor de garda pode limitar o acceso a determinadas páxinas de dudosa compoñente didáctica (you tube, chats, ... xa sabedes).
- ✚ As sillas e as mesas deberán quedar recollidas ao saír.
- ✚ Se utilizades os xogos, deixádeos recollidos ao rematar.
- ✚ Recordade que os materiais da biblioteca son de todos. Tratádeos con coidado.

## BÚSQUEDAS

Os libros e documentos están organizados por materias segundo a **CLASIFICACIÓN DECIMAL UNIVERSAL (C.D.U.)**. Nos andeis os libros están colocados por orde alfabética polos apelidos dos seus autores. No seu lombo levan pegada unha etiqueta como esta:

**860-3**  
**CER**  
**ing**

**Código da CDU**  
**Apellido do autor**  
**Título do libro**

Este libro habería que buscalo na estantería de Literatura en lingua castelá (Narrativa). Na biblioteca figuran uns rótulos coas diferentes materias. Mirando nela debemos atopar o apelido do autor que neste caso Miguel de Cervantes. Dentro de cada materia os documentos se ordenan alfabeticamente, polo que deberemos achegarnos ata a letra **C**. Xa alí buscaríamos o título *El ingenioso hidalgo don Quijote de la Mancha* Como podes ver as letras maiúsculas correspóndense coas primeira do apelido do autor. Mentras as tres letras en minúsculas, coas primeiras do título do libro.

C.P.I.  
PECALAMA



BIBLIOTECA

UN LIBRO PARA  
CADA LECTOR,  
UN LECTOR PARA  
CADA LIBRO



C D U

CLASIFICACIÓN DECIMAL UNIVERSAL

CLASIFICACIÓN	DECIMAL	UNIVERSAL
0	OBRAS DE CONSULTA	00 Referencias y documentos
1	FILOSOFÍA PSICOLOGÍA	10 Filosofía 11 Psicología
2	RELIGIÓN TEOLOGÍA	20 Religión 21 Religión católica 22 Otras religiones
3	C. SOCIALES	30 Sociología 31 Ética 32 Economía 33 Demografía y estadística
4	C. EXACTAS Y NATURALES	40 Matemáticas 41 Física 42 Química 43 Astronomía y ciencias planetarias 44 Geología 45 Geografía física 46 Botánica 47 Zoología
5	C. APLICADAS	51 Medicina, Salud 52 Tecnología 53 Informática
7	ARTES, MÚSICA, JUEGOS, DEPORTES	70 Bellas Artes 71 Música 72 Juegos 73 Deportes
8	LENGUAS LITERATURA	80 Idiomas 81 Literatura
9	GEOGRAFÍA, HISTORIA, BIOGRAFÍAS	91 Geografía 92 Biografía 93 Historia Universal

